

FICHA DE INFORMACION: FI-CE-09

ACCIÓN FORMATIVA: PRIMEIRA INTERVENCION EN INCENDIOS

1. Obxecto da presente ficha de información

O obxecto da presente ficha de información é a de informar, a todos os participantes da acción formativa, tanto dos posibles riscos existentes coma das normas de seguridade de obrigado cumprimento durante a súa realización, así como doutras obrigas xerais, segundo establece a Lei 31/95 de prevención de riscos laborais e o RD 171/2004 de coordinación de actividades empresariais.

2. Normativa legal de referencia

A principal normativa legal de referencia é a seguinte (relación non exhaustiva):

- Lei 31/95 de prevención de riscos laborais
- RD 171/2004 de coordinación de actividades empresariais
- RD 39/97 e RD 899/2015 regulamento dos servizos de prevención
- RD 486/97 de lugares de traballo
- RD 485/97 de sinalización
- RD 1215/97 de equipos de traballo
- RD 513/2017. Regulamento de instalacións de protección contra incendios.

3. Acción Formativa dirixida a:

- Voluntarios

1. Riscos laborais no desenvolvemento das accións formativas:

- Os existentes no acceso ás instalacións da AGASP (ver fichas de información "Acceso ás instalacións da Academia Galega de Seguridad Pública da Estrada", "Profesor/Coordinador" e "Alumnos")
- Os existentes no acceso a instalacións externas onde se realice a acción formativa
- Caída de persoas ao mesmo nivel
- Caída de obxectos durante a súa manipulación
- Pisadas sobre obxectos
- Golpes contra obxectos inmóviles
- Golpes por obxectos e/ou ferramentas
- Proxección de fragmentos ou partículas
- Sobreesforzos
- Exposición a temperaturas extremas
- Contactos térmicos
- Inhalación ou ingestión de substancias nocivas
- Exposición a radiacións
- Explosións
- Lumes
- Axentes químicos e físicos

2. Normas e obrigas en materia de seguridade no desenvolvemento das accións formativas:

Consideracións xerais

- ✓ Todos os participantes na acción formativa estarán en perfectas condicións físicas e médicas para levar a cabo tarefas de extinción de incendios.

- ✓ Prohíbese o consumo de alcohol, drogas e/ou medicamentos que impidan ou dificulten o desenvolvemento da acción formativa.
- ✓ Todos os equipos de traballo utilizados cumprirán co indicado no RD 1215/1997 de equipos de traballo, dispoñendo de marcado CE ou posta en conformidade, manual de instrucións en castelán e manteranse nas condicións orixinais de fabricación e marcado CE ou posta en conformidade.
- ✓ Todos os equipos de traballo empregados se utilizarán en todo momento segundo as indicacións dos manuais de instrucións do correspondente fabricante, dispoñendo, para iso, dos devanditos manuais de instrucións durante as actividades formativas.
- ✓ Prohíbese terminantemente o anular, modificar, retirar ou pontear as proteccións, resgardos e outros elementos de seguridade de que dispoñan todos os equipos de traballo utilizados.
- ✓ O lugar onde se desenvolve a acción formativa ha de estar axeitadamente balizado e sinalizado para evitar o acceso ou permanencia de persoas alleas a esta durante o seu desenvolvemento. Ninguén debe situarse no raio de acción dos focos/conatos de incendio controlados e provocados durante a parte práctica da acción formativa. Comprobarase o devandito cumprimento, previamente ao inicio do curso, por parte do coordinador deste.
- ✓ Todos os participantes da acción formativa recibirán, antes da realización da parte práctica de extinción, instrucións detalladas sobre os tipos de lume existentes, medios de extinción axeitados para cada tipo de lume, e normas de actuación en caso de incendio.
- ✓ Comprobarase en lugar seguro, por persoal cualificado e formado, sempre baixo a supervisión do Coordinador do curso, e previo inicio da acción formativa práctica, o funcionamento axeitado dos medios de extinción e equipos a empregar durante a parte práctica da acción formativa (extintores, BIES, balsas de combustible, bombonas de gas, etc.).
- ✓ Non debe manipular ningún medio de extinción nin equipo ningunha persoa que non estea autorizada polo formador previamente.
- ✓ Utilizar os EPIs obrigatorios

Consideracións previas

- ✓ Antes de atacar o conato de incendio, asegúrase de que non hai obstáculos ou outros riscos no camiño cara a este, avanzando con decisión pero evitando as présas. Non correr
- ✓ Se a extinción se vai realizar entre varias persoas, coordinarse ben no referente a zonas de ataque, dirección dos chorros de axente extintor, etc.
- ✓ Elixir o axente extintor axeitado ao tipo de lume que se produciu: Extintores de auga: lumes de clase A; po seco: clase B e C; po polivalentes: clase A, B e C; po especial: clase D; escuma: clase B e aceptables para madeira, papel ou tecidos; CO₂ (neve carbónica): pequenos lumes da clase B e para instalacións eléctricas. BIES: lumes tipo A ou incendios tipo B (en modo pulverización), cando se trate de líquidos combustibles pesados, como o fuel-oil e o gas-oil, en ambos os dous casos sen presenza de corrente eléctrica. cando hai moito fume: a auga en modo pulverizado cónico, fai un efecto de pantalla protectora fronte ao fume, aínda que tamén impide ver con nitidez o que hai diante.
- ✓ En caso de tratarse dun espazo confinado, ter en conta os posibles riscos de explosión e/ou atmosfera pobre en osíxeno, risco de intoxicación por CO e CO₂, etc. Seguir as indicacións do Coordinador/Formador do curso

Como usar un extintor:

1. Suxeitar o extintor pola asa fixa, para despois deixalo sobre o chan en posición vertical. Se o extintor fose do tipo po, deberase xirar para eliminar que o axente extintor se compacte e non resulte difícil facilitar a súa saída.
2. A continuación, deberemos inclinar lixeiramente o depósito cara a diante, quitando o precinto de seguridade tirando da argola. Haberá que suxeitar ben a boquilla da manguera. Non debemos inclinalo nunca cara ao noso corpo ou cara, xa que, recordemos, é un recipiente a presión.

3. Sempre debemos manter unha distancia prudente entre o lume e nós, sentindo a calor pero sen chegar a queimarnos xamais (teñamos en conta que o extintor alcanza uns 2 ou 3 metros de distancia).
Se este fose de CO₂, un deberáseo levar apoiado a cada paso no chan para permitir a eliminación da posible electricidade estática xerada.
4. Agora deberemos premer a panca de accionamento levando a cabo unha leve descarga de comprobación. Se o extintor fose de CO₂ a boquilla suxeitarase dende a súa empuñadura, nunca dende a mesma boquilla, xa que poderíamos queimarnos ao contacto debido á baixa temperatura á que sae o gas.
5. Neste momento debemos dirixir o chorro á base das chamas con movemento en varrido horizontal. Se o que se incendiaron son produtos líquidos, deberemos proxectar superficialmente o axente extintor realizando un varrido que evite que a propia presión de impulsión provoque o derramo do líquido incendiado. Se o incendio se produce en espazos abertos, hai que achegarse seguindo a mesma dirección do vento para evitar a inhalación de fumes tóxicos ou o risco de queimaduras.




BIES (Bocas de Incendio Equipadas):

NOTA ACLARATORIA:

- ✓ Se a manguera é de 25 mm de diámetro e semirrígida: pode chegar a utilizala unha soa persoa e desenrolar unicamente o tramo que necesite.
- ✓ Se a manguera de 45 mm de diámetro, de tipo flexible plana: sempre debe utilizarse como mínimo entre dúas persoas para poder controlala: a manguera pesa, bota un gran chorro de auga e a forza da presión de saída da auga pódelle impulsar cara a atrás e facelo caer. Ao utilizar a BIE en equipo de dúas persoas pódense:
 - prever danos persoais (caídas e golpes) - controlar a manguera (que non se mova en bandazos) - e optimizar o chorro de auga contra o lume.
- ✓ Ambas as dúas persoas teñen a manguera ao seu lado dereito, as pernas separadas e en posición de avance dun paso: con perna esquerda adiantada e apoiada, xeonllos algo flexionados e cargando o peso do corpo na perna dereita que queda atrás. A persoa que está diante suxeita a lanza coas súas dúas mans e se ocupa de dirixir o chorro, mentres que a persoa que está detrás co seu antebrazo dereito suxeita o peso da manguera e coa súa man/antebrazo esquerdo apóiase por detrás do ombro dereito de quen está diante para contrarrestarlle o pulo de retroceso que sentirá pola presión de saída da auga. No caso de persoas zurdas, a posición sería a simétrica inversa. Figura inferior. Posición de dúas persoas para utilizar a BIE de 45 mm. • Unha persoa, agarrando con firmeza a lanza/boquilla da manguera totalmente desenrolada en dirección cara ao lume pero mantendo distancia deste, pide que outra persoa abra a válvula de paso de auga do armario.

- A outra persoa que abre a válvula de paso de auga do armario segundo a indicación recibida encamiñase inmediatamente despois a suxeitar polas costas a quen está a agarrar a lanza ao tempo que axuda a suxeitar o peso da manguera de modo que quen controla a lanza teña maior liberdade de movemento.
- Cando estea a manguera presurizada e as dúas persoas estean en posición para conter o impulso cara a atrás pola presión de saída da auga (ver figura), pódese proceder a abrir a boquilla e dirixir a auga cara ao lume para sufocalo. Se polo menos dúas persoas utilizan a BIE pódense dar certo relevo en caso de que o incendio sexa persistente.



UTILIZACIÓN:

1. Abra a porta do armario ou rompa o cristal da tapa (segundo o caso, se procede).
2. Mire se o manómetro indica presión de auga da rede de abastecemento (se procede):
 - Non indica presión: pode estar avariado ou que non haxa presión e neste caso debería buscar outra BIE (volva ao paso 1).
 - Se indica presión, vaia ao paso seguinte.
3. Mire que estean conectadas entre si a manguera e a rede de abastecemento de auga.
4. Mire que estean conectadas entre si a lanza e a manguera.
5. Comprobe que a boquilla da lanza ten pechada a saída de auga.
6. Se a manguera é flexible plana:
 - A. Xire o soporte, desenrole e estenda completamente a manguera cara a onde estea o lume.
 - B. Detéñase a máis de dous metros do lume e manteña agarrada a lanza.
 - C. Pida que se lle abra lentamente a válvula de paso da auga, que está no armario. A manguera irase presurizando. Suxeite a lanza e espere ata que se presurice por completo. Recorde: A BIE de 45 mm manéxase como mínimo entre dúas persoas.

Se a manguera é semirrígida:

 - A. Xire o soporte e desenrole o percorrido de manguera que necesite en dirección cara ao lume (non ten por que desenrolala por completo). Vaia tirando cara a fóra dende o extremo libre da manguera; o soporte xira liberando manguera que, na súa saída está controlada por unha guía (dispositivo orientador que a rodea).
 - B. Detéñase a máis de dous metros do lume e manteña agarrada a lanza.
 - C. Pida que se lle abra lentamente a válvula de paso da auga, que está no armario.
 - D. Abra a boquilla un pouco, para que saia o posible aire que o teu-vise a manguera.

7. Agarrando con firmeza a lanza, abra o paso de auga na lanza e xirando a boquilla seleccione o chorro que sexa máis axeitado ás circunstancias (no modo de "pulverización cónica" fai de pantalla e protexerao do fume).
8. Comece a apagar o lume con movementos suaves de varrido, preferentemente en modo de auga "pulverizada" e dirixido á base do lume ata que se apague ou chegue axuda de Bombeiros.
9. Despois de utilizar unha BIE hai que pechar o paso de auga e esperar a que a manguera estea seca antes de volver enrolala no seu carrete.

Mentres utiliza unha BIE teña precaución:

- Non dirixa a auga en chorro cara a persoas (empurraríaas con forza).
- A auga fría, que o salpicará mollando a súa roupa, e estará polo chan que pise o que pode provocar o risco de esvarar e de caer.

Consideracións posteriores á extinción

- ✓ Non desatender o lume nin, aínda cando este se apagase. Será necesario comprobar que o combustible non volve prenderse.
- ✓ Asegurarse dunha boa ventilación da zona en caso de tratarse dun espazo confinado.

Listado non exhaustivo de EPIs (Equipos de Protección Individual) a utilizar durante a formación

- ✓ Traxe ignífugo
 - ✓ Casco de protección con pantalla e cubrenucas
 - ✓ Luvas de seguridade fronte a riscos mecánicos e térmicos
 - ✓ Botas de coiro, con adoite de caucho e cordóns ignífugos
 - ✓ Máscaras FFP3 (só en caso de que así o determine o formador)
- ✓ **Todos os alumnos participantes na acción formativa han de cumprir, en todo momento, as indicacións dos profesores/coordinadores sen excepción ningunha.**

6. Observacións:

Faise constar que a presente ficha é unha ficha de información orientativa, confeccionada pola Academia Galega de Seguridade Pública, e o seu contido é para o apoio, tanto para o profesor/coordinador coma para os alumnos da acción formativa, para dar cumprimento á normativa de prevención de riscos laborais. Tanto a vixilancia do cumprimento das diferentes normas de seguridade en materia de prevención de riscos laborais como a súa divulgación aos alumnos participantes, durante o desenvolvemento da acción formativa, corresponde ao coordinador e ao profesor, e o seu cumprimento, corresponde á totalidade dos participantes nesta.

*É obrigatorio a recepción, comprensión e cumprimento de todo o indicado na presente ficha de información por parte de todos os participantes da acción formativa.
É obrigatoria a firma de recepción do presente documento.*